# PLAN DE CONVIVENCIA



***" Toda gran viaxe comeza dando un pequeno paso".***
*Cita de Benxamín Franklin*
*( Traducción CEIP Galán)*

**ÍNDICE** **Páx**


1.- Introducción. 3
2.- Contextualización do centro. 6
3.- Análise da situación da convivencia no centro. 8
4.- Obxectivos do plan de convivencia. 11
5.- Fins e principios informadores das normas sobre convivencia. 12
6.- Principio de Igualdade entre homes e mulleres. 13
7.- Normas de convivencia. 14
7.1.- Normas de convivencia 14
7.2.- Dereitos e deberes: alumnado, país e nais, profesorado e persoal non docente 15
8.- Estratexias encamiñadas a favorecer un bo clima de convivencia e actuacións. 20
8.1.- Estratexias 20
- Sociogramas. 20
- Estratexias de aula. 21
- A educación en valores. 22
- Desenvolvemento de Habilidades sociais. 24
- Elaboración de normas. 25
- Indisciplina individual e grupal 26
- Reflexión sobre a propia conducta 28
Técnica do semáforo. 30
8.2.- Actuacións 31
- Acción titorial 32
- Actuacións do equipo directivo. 32
- Actuacións do Departamento de Orientación 33
- Actuacións do profesorado. 33
- Actuacións Servicios Sociais. 33
- Actuacións das familias. 33
9.- A mediación na resolución de conflitos. 34
9.1.- A mediación. 34
9.2.- O recuncho do diálogo. 36
9.3.- Protocolo de actuación. 37
10.- Protocolo de acoso escolar: acoso escolar e protocolo 38
11.- Programación Xeral Anual e Plan de convivencia 44
12.- Difusión, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia. 47
13.- Bibliografía 49
14.- Certificacións 53
15.- ANEXOS: 55
Cuestionarios sociométricos.
Guión didáctico . Resolución de conflitos.
Parte de incidencias.
Contrato conduta.
Plan de acollida de alumnado de novo .
Plan de acollida do alumnado das Escolas de Infantil de Vilarrodís e Barrionovo, e do alumnado de 4º de Infantil ao centro e despedida alumnado de 6º.
Plan de benvida do profesorado.
O patio como espazo educativo. Patrulla ecolóxica.
Modelos de informe acoso escolar.

## 1.- INTRODUCCIÓN

Que entendemos por convivencia?

Segundo Malgesini y Jiménez (2000), convivencia significa vivir en boa harmonía e a diferencia do conflito ten unha connotación positiva: está cargada de ilusión , implica aprendizaxe, implica seguir unhas normas comúns e saber regular o conflito.

Esixe adaptarse aos demais e as situacións, polo tanto haberá que ter flexibilidade e facilitar a aceptación e o respecto do outro como persoa.

A nivel escolar é previr e manter un clima de centro harmónico, capaz de perseguir o ben común. Polo tanto falar de convivencia leva implícito falar dos conflitos que xorden na comunidade educativa, o conflito non é inevitable pero debemos e podemos aprender del.

Aprender a resolver conflitos desde pequenos é unha das tarefas máis atractivas que nos depara a vida. Descubrir que temos conflitos pero que non por elo estamos condenados á violencia, é unha das aprendizaxes que, sen dúbida, máis impacto pode ter nas nosas vidas.

*Los conflictos existen siempre, no tratéis*
*de evitarlos sino de entenderlos.*
*Cita de Lin Yutang*

Vivimos tempos que se caracterizan polo aumento de sensibilidade social sobre a necesidade de atender e previr os problemas de violencia escolar, e con esto, o desexo de promover a convivencia pacífica nos centros educativos.

Non podemos pensar que o noso alumnado aprenda a convivir senón se lles ensina contidos como o conflito, comunicarse non agresivamente, o diálogo, a escoita activa, a negociación, a conciliación... Promover a tolerancia, a solidariedade, o respecto mutuo e fomentar a resolución pacífica dos conflitos é educar en convivencia.

Considerase un mandato constitucional pois o artigo 27 da Constitución proclama que a educación ten por obxecto o pleno desenrolo da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

Desenrolado posteriormente na Lei Orgánica de Educación ( LOE) que concibe como fin último da educación a mellora da condición humana, e entende que a escola é un proxecto común, que debe implicar a toda a comunidade educativa e no que debe ocupar un lugar prioritario a educación para a convivencia.

O artigo 13 da LOE destaca como obxectivo que a etapa de educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social , así como exercitarse na resolución de conflitos.

Artigo 17 ( LOE) a educación primaria contribuirá a coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia e aprender a obrar de acordo a elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo nunha sociedade democrática, e tamén a adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica dos conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Non pode ser doutra maneira , a escola xunto coas familias, é o ámbito básico de socialización de nenas e nenos. É onde pasan moitas horas ao día e moitos días ao ano. Por eso é algo máis que un espacio onde adquiren coñecementos e destrezas ou desenrolan actividades deportivas, é onde comezan a relacionarse con outras persoas, a coñecer os seus dereitos e deberes para converterse en cidadáns no futuro.

Na escola se aprende, se vive e se convive.

## MARCO LEGAL

A esixencia derivada da LOE de que exista nos centros un Plan de Convivencia pode recibirse coma unha imposición máis da Administración ou polo contrario pode converterse na oportunidade para que o centro revise e mellore as prácticas de convivencia nun marco de coordinación coa comunidade educativa.

Tampouco debe limitarse a aspectos organizativos nin a unha mera aplicación de medidas correctoras, senón que debe entenderse coma unha ferramenta que axude a educación integral do alumnado baseada na equidade, na inclusión e na non discriminación, na flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado e na prevención de conflitos.

Nesta liña de traballo é pola que apostamos no noso centro.

O marco legal vainos indicar que se pode facer, de que maneira e con que estructura. Con carácter xeral temos a lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento de educación e da cultura de paz, recollidas na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, en concreto o artigo 121, onde se indica que no Proxecto Educativo hai que recoller os valores, obxectivos e prioridades de actuación, ademais da concreción dos currículos, o tratamento transversal nas áreas, a educación en valores, outras ensinanzas e o Plan de Convivencia.

Tamén é relevante a disposición adicional primeira xa que inclúe a modificación dos dereitos e deberes dos pais , nais ou titores do alumnos e alumnas.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, esta lei parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseados no respecto mutuo non é posible dar cumprimento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e polo tanto das familias.

A nivel autonómico o Decreto 85/2007, do 12 de abril regula o Observatorio Galego da convivencia escolar (DOG do martes 8 de maio) e as Instruccións sobre a constitución do Observatorio de convivencia nos centros educativos .

A composición do **Observatorio da Convivencia**:

a) O director ou directora do centro, que lle corresponde a presidencia.
b) O xefe ou xefa de estudios, a quen lle corresponde a vicepresidencia.
c) Tres representantes do profesorado.
d) O orientador ou orientadora do centro.
e) Un pai ou nai representante de pais e nais.
f) A persoa encargada dos programas e iniciativas de coeducación , un mestre ou mestra.
g) Un representante do persoal non docente.
h) Unha das persoas anteditas , actuará como secretario ou secretaria, con destino no centro.
i) Estará aberto a participación de: profesorado titor relacionado co tema, profesionais de sanidade, servicios sociais, asociacións e todas aquelas que poidan colaborar na mellora da convivencia.

As funcións do Observatorio de Convivencia no centro son:

- Participar na dinamización do plan de convivencia e na mediación escolar.
- Elaborar un informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Informe que será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- Coordinar actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia.
- Propoñer á Administración Educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia provincial.

## 2- CONTEXTUALIZACIÓN

Arteixo é unha vila con grande expansión demográfica (30.255 habitantes aproximadamente) dos que soamente o 31,3% son nados no concello. A poboación é heteroxénea, cun mosaico de nacionalidades dos cinco continentes, países como Colombia, Brasil, Uruguai e Arxentina, Marrocos, Senegal, Portugal , Romanía e Asia.

Máis aló das distintas nacionalidades que viven no concello, Arteixo é un concello xove. A densidade de poboación é de 324 h/km$^2$ e o sector maioritario de poboación son as persoas de 30 a 34 anos.

Este concello converterase nos vindeiros anos nunha potente zona industrial e empresarial coa posta en marcha do Polígono Industrial de Morás e do Porto Exterior.

Dos seus habitantes poucos son os que viven de actividades agrarias ou gandeiras; polo contrario son as actividades industriais e de servizos do Polígono de Sabón e da Coruña as que empregan ao maior número de persoas, pasando as actividades do sector primario a ser un complemento, en moitos casos destinado ao autoconsumo.

A maioría do alumnado provén do medio urbano, con escasa incidencia do rural.

O CEIP Galán é un centro público que imparte Educación Infantil e Educación Primaria.

As **zonas de influencia** do CEIP Galán son: Suevos, Rañobre, Oseiro, Uxes, Pastoriza e Vilarrodís.

Nas parroquias de Pastoriza e Vilarrodís ( Oseiro), existen dúas escolas de infantil que escolarizan alumnado de Educación Infantil e son os centros adscritos ao CEIP Galán.

- A escola de educación infantil de Barrionovo
- A escola de educación infantil de Vilarrodís

O CEIP Galán é centro adscrito ao I.E.S. de Pastoriza para o alumnado que curse educación secundaria obrigatoria.

Conta con 3 unidades de E.I e 14 de E.P en catálogo que poden variar según a matrícula.

Nas aulas mestúranse nenas e nenos de todas as idades dende 3 a 5 anos en educación infantil e de 6 a 12 en primaria.

Imparte xornada única de 9 a 14 horas , e polas tardes oferta actividades extraescolares de 16 a 18 horas, organizadas polo Concello de Arteixo.

A Biblioteca é unha actividade mais que oferta o propio centro ao alumnado como lugar de estudio, búsqueda de información…

Os servizos complementarios que ofrece son transporte ( Consellería de Educación) e comedor, xestionado pola ANPA do centro.

O edificio de tres plantas, e dous patios de recreo, un para infantil e outro para primaria, este último con dous patios cubertos, un exterior e o pavillón do centro .

O catálogo de postos do centro é dun total de 26 profesoras e profesores de Educación Infantil e Primaria. Estes datos estarán suxeitos á variación dependendo do número de unidades en funcionamento.

Fóra do horario lectivo, hai un profesor de lingua árabe e cultura marroquí que acude ao centro un día á semana.

O profesorado participa no centro mediante un traballo en equipo, coordinado e compartido, a través das seguintes estruturas organizativas:

- Titoría
- Equipos de Ciclo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Claustro de profesores e profesoras

O titor ou titora é a peza clave encargada da creación e fomento de actitudes participativas e hábitos de convivencia, tanto no alumnado como nas familias.

O profesorado titor é a canle no desenvolvemento da participación dos pais e nais na vida do centro. Para elo, temos unha hora de visita para as familias fóra do horario lectivo, onde o titor ou titora permanece aberto á transmisión de información e da marcha académica e persoal dos seus fillos e fillas.

O persoal docente e persoal non docente: auxiliar –coidadora, persoa encargada do mantemento e persoal encargado da limpeza, monitores e monitoras das actividades extraescolares, e dúas persoas encargadas do comedor son os recursos humanos cos que conta o centro no seu día a día.

## 3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

### 3.1.- As enquisas

Segundo as enquisas realizadas ao alumnado e ao profesorado do centro no curso 2009-2010 obtivéronse as seguintes conclusións:

A maioría dos docentes consideran que existe un bo clima de traballo no centro, unha relación co equipo directivo boa e unhas relacións entre o profesorado e alumnado satisfactorias.

Por outro lado as relacións coas familias, co entorno escolar, cos servicios sociosanitarios e coa administración educativa son normais e fluídas.

**O profesorado** considera que a maioría dos conflitos se producen entre o alumnado e nalgúns casos entre profesorado e alumnado.

En canto aos tipos de conflitos que se producen con certa asiduidade son a agresión verbal entre o alumnado e as conductas disruptivas nas aulas. Algunhas veces agresións físicas entre os mesmos.

Como iniciativas útiles, os docentes opinan que será necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado, consensuar normas entre o alumnado e o profesorado, favorecer o traballo cooperativo, mellorar os recursos do centro .

Outros recursos serán a necesidade de formación do profesorado na resolución de conflitos e información as familias mediante distintos medios.

**O alumnado**, a maioría do alumnado respecta as normas de aula, teñen unha boa relación co resto dos compañeiros e cos mestres e mestras.

Consideran que en ocasións o grupo non ten bo comportamento e que non fan a fila correctamente. En canto aos conflitos xorden na maioría dos casos no recreo, estes conflitos son contados aos seus pais. O mestre ou mestra adquire a mesma relevancia que os compañeiros xa que é o alumno ou alumna quen non conta nada.

Como conclusión considerase que se debe mellorar a convivencia no centro, e sobre todo no patio, xa que é o lugar onde se producen máis conflitos, debemos traballar e inculcar habilidades sociais, trasladándoas á toda a comunidade educativa e mellorar a comunicación mestre-alumno para que o alumno ou alumna deposite a confianza no docente e por último mellorar a forma de actuar na resolución de conflitos.

**3.2.- Participación e interacción**

En calquera centro o diálogo, a interacción e o comportamento van ligados ao proceso educativo.

A convivencia é considerada como un fin educativo a tratar, como un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental na vida dun centro.

E por isto que debemos fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade educativa.

***Profesorado***

Para poder levar a cabo un plan de convivencia  e para que este funcione o profesorado deberá esforzarse por traballar en equipo, coordinándose , compartindo experiencias , vivencias e sempre cara o mesmo fin , que é, a convivencia.

O Plan de Convivencia abordarase dende as seguintes estructuras organizativas: comisión de dinamización da convivencia, equipos de ciclo, comisión de coordinación pedagóxica,claustro e consello escolar, pero é sen lugar a dúbida é o titor ou titora a peza clave na creación e fomento de actitudes participativas e hábitos de convivencia, tanto co seu alumnado como coas familias.

Deste xeito o titor e titora creará na clase un clima favorecedor , establecendo unhas normas de aula e velando que estas se cumpran, preocupándose polo comportamento e actitude dos seus alumnos non só durante o período das clases, senón en calquera outro lugar:  patio, corredores, instalacións.

En resumo propiciando un clima agradable, respectuoso e enriquecedor que faga sentir ao alumno e alumna parte do centro.

O titor e titora tamén é canle para implicar aos pais na vida do centro, sendo transmisores non só do progreso do seu fillo senón tamén dos acontecementos que suceden no centro, ben sexa a través de notas informativas ou na hora establecida para a atención ás familias

***Alumnado***

Fomentase a participación de todo o alumnado nas distintas actividades do centro, facéndoos partícipes e responsables de tarefas que sexan quen de asumir e que eles  poidan levar a cabo, como na biblioteca, reparto de material no patio de recreo…

Contamos con alumnado encargado da vixilancia de manter o patio limpo baixo o nome  “ patrulla ecolóxica”, outro encargase de gardar e colocar as caixas cos distintos xogos.

A nivel aula contamos coa figura de delegado ou encargado , que será quen se encargue de ser o portavoz e colaborador do grupo.

***Familias***

Os pais e nais participarán no centro a través dos seus representantes no consello escolar , no Observatorio de convivencia e na ANPA.

A nivel de aula, manterán ao longo do curso reunións co titor ou titora para informarse de aspectos de carácter xeral que repercutan no funcionamento da clase.

Os aspectos particulares de cada alumno e alumna son tratados na hora que ten establecida o centro para atención ás familias, de 5 a 6, con isto favorecemos tanto o achegamento como a coordinación entre pais e nais e o centro, así como a interrelación no proceso ensinanza-aprendizaxe.

***Concello e outras institucións***

O Centro mantén unhas boas relacións co Concello: alcaldía e demáis órganos e a través da súa representación no consello escolar, plantexando aquelas dúbidas ou peticións que se precisen; co persoal de mantemento e limpeza, que se encarga de que o centro esté limpo e nas mellores condicións posibles; cos monitores e monitoras das actividades extraescolares da tarde, que imparten as distintas actividades ao noso alumnado; coa biblioteca de Arteixo, a cal visitamos unha vez cada curso para a actividade de animación á lectura; co persoal da piscina municipal, con Servicios Sociais, que colabora co centro en canto a apoio ás familias, incidindo sobre todo no tema de absentismo escolar.

Os departamentos de educación e deporte do concello manteñen unha estreita relación co centro, xa que a programación das actividades extraescolares é responsabilidade súa e o centro colabora no uso das instalacións.

Destacar que A Cidade dos Muchachos Agarimo, habitualmente recibe e recolle alumnado do noso centro, na súa modalidade de Centro de Día Agarimo, a donde vai o alumnado para ser atendido como si fose a súa familia.

Con todos os demais centros da zona, Escolas de Infantil, CEIPs, IES mantemos unha estreita relación e coordinación.

Outras institucións que colaboran co centro e viceversa son: Garda Civil , Servizos Sociais, Protección Civil e Bombeiros, CIM, Policía Local de Arteixo, Servicios Sociais de A Coruña, Equipo de Orientación Específico, Centro de Formación e Recursos, a Universidade de A Coruña , a Consellería de Cultura e Educación, a Xefatura Territorial de Educación de A Coruña e o Servicio de Inspección.

## 4.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Potenciar nas aulas e no centro en xeral, unhas relacións de confianza e seguridade que se baseen no respecto mutuo, no respecto á diversidade, no diálogo e na colaboración.

- Coñecer e valorar as singularidades do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, familiar, afectivo, como no relativo á competencia curricular, intereses, inquedanzas, motivación… coa finalidade de que acaden o máximo desenvolvemento persoal e social.

- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesorado, familias ao centro.

- Promover a participación das familias no labor formativo, informándoas da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe inculcando unha convivencia democrática.

- Favorecer a participación responsable do alumnado na toma de decisións e na resolución dialogada dos conflitos.

- Fomentar no alumnado o emprego de habilidades sociais.

- Contribuír a formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade para un mellor clima de convivencia, cooperación e cohesión social.

- Aplicar axeitadamente as normas de convivencia establecidas, tendo sempre en conta os dereitos e deberes establecidos para todos (RRI , Lei de convivencia) coas medidas correctoras derivadas dos mesmos.

## 5.- FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA

As normas sobre convivencia nos centros docentes oriéntanse aos seguintes fins:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.

- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

- A prevención e o tratamento das situación de acoso escolar mediante medidas eficaces.

- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas función.

- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.

- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

## 6. PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.

- Os docentes e as docentes do centro no permitirán formas de machismo e misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e nomeadamente entre nenos e nenas.
- Aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.
- Aplicaranse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas segundo a lexislación vixente.

## 7.- AS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

### 7.1.- NORMAS DE CONVIVENCIA

- Manter un clima de respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Resolver os conflitos de forma pacífica, empregando o diálogo.
- Evitar actuacións discriminatorias e ter unha conduta solidaria cos compañeiros e compañeiras , según a súa singularidade bióloxica, social e cultural.
- Empregar un ton de voz axeitado a cada situación usando un vocabulario correcto e educado.
- Ter un comportamento correcto nas diferentes actividades que se realizan no centro.
- Seguir as explicacións e directrices marcadas polo profesorado.
- Manter unha actitude positiva ante os avisos, correccións e cumprimento das sancións.
- Coidar o aspecto físico en canto a hixiene persoal e vestimenta.
- Asistir ao centro e as clases con puntualidade e con todo o material necesario.
- Xustificar todas as ausencias e retrasos.
- Colocarse en filas para subir ás clases e para saír.
- A entrada ás aulas , polos corredores e a saída farase en silencio e de forma ordenada, coa finalidade de non molestar.
- O alumnado permanecerá na aula sen saír aos corredores nos cambios de clase.
- Durante o período lectivo, está prohibida a utilización de: teléfonos móbiles, videoxogos, reproductores de música... No caso de utilizalos, o centro requisaraos e será á familia a quen se lle devolvan.
- Respectar o material escolar, o edificio, as instalacións e pertenzas tanto do centro coma dos membros da comunidade educativa.
- Empregar as papeleiras para manter o centro e patio limpos.

O alumnado de comedor e actividades extraescolares respectará a normas de convivencia do centro.

## 7.2.- DEREITOS E DEBERES( Lei 4/2011, do 30 de xullo)

***Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores*.**

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

***Dereitos e deberes do alumnado*.**

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

***Dereitos e deberes do profesorado***.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

***Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos*.**

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei de convivencia.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

## 8.- ESTRATEXIAS ENCAMIÑADAS A FAVORECER UN BO CLIMA DE CONVIVENCIA E ACTUACIÓNS.

- **OS SOCIOGRAMAS : INDICADORES DO CLIMA DA AULA**

Os procedementos sociométricos proporcionan a posibilidade de avaliar en pouco tempo e con grande validez as relación entre os compañeiros e compañeiras, permitindo obter información tanto do nivel de integración de cada alumno e alumna, como dos contextos en que se desenvolven.

Os sociogramas consisten en preguntarlles a todos os membros dun determinado grupo acerca do resto.

As normas de aplicación para a súa aplicación son:

*Crear un clima positivo favorecedor da sinceridade das respostas.*

*Deixar claro o carácter confidencial da proba.*

*Comprobar que foron entendidas as instruccións de realización.*

*Impedir que os rapaces e as rapazas se comuniquen entre si.*

*Deixar tempo para a súa realización.*

*Indicar que cada estudiante deberá sinalar nas preguntas dos cuestionarios un máximo de tres compañeiros ou compañeiras, tendo en conta tamén as persoas ausentes ese día.*

**Anexos**

**1.- Cuestionario sociométrico para nenos e nenas de 6 a 10 anos.**

**2.- Cuestionario sociométrico para preadolescentes de 11 a 13 anos.**

- **ESTRATEXIAS DE AULA/ PROFESORADO:**

  - **Estilo docente asertivo:** constancia e coherencia nas normas, trato afectivo, reforzo positivo, participación do alumnado na toma de decisións.

  - **Adaptación do currículo ás necesidades e nivel de competencia curricular de cada alumno**: adaptación curricular, reforzo educativo, programas individuais…

  - **Participación do alumnado na elaboración das normas de convivencia**.

  - **Entrenamento en habilidades sociais**.

  - **Plans de acollida e despedida:** acollida alumnado de 4º E.I e 1º E.P xunto as familias, acollida do novo alumnado e despedida do alumnado de 6º.

  - **Relacións coas familias ou titores legais do alumnado.**

  - **Actuacións concretas consensuadas polo profesorado diante de conductas disruptivas:** contratos, tempo fora, castigos, premios.

  - **Celebracións e participación do alumnado nas celebracións e festivais do centro.**

  - **Coordinación entre o centro, as familias e a comunidade educativa.**

  - **Dar a coñecer o Plan de Convivencia ás familias ao comezo do curso.**

- **EDUCACIÓN EN VALORES :**

O centro escolar convértese asi nunha escola de cidadanía con accións comprometidas que plantexen problemas reais, ofrecendo ós nenos capacidades para a súa resolución dende unha formación sólida e crítica .
*VALORES A TRABALLAR*.

**O DIÁLOGO** : posibilítanos chegar a un entendemento e conseguir unha boa relación .É necesario saber escoitar e defender con argumentos as propias propostas.

**A TOLERANCIA** : permítenos que os valores universais que nos pertencen a todos se enriquezan coa especificidade de cada cultura e de cada lingua .

**A ALEGRÍA** : é un elemento e unha necesidade da vida relacionada coa felicidade .

**A SOLIDARIEDADE**: é un sentimento ou un acto que nos permite actuar para mellorar situacións de inxustiza , de axuda e cooperación mutua e desinteresada.

**A RESPONSABILIDADE**: é un valor que se exerce cando cada persoa ofrece unha actitude adecuada para solucionar as tarefas que lle corresponden.

**A XUSTIZA**: tratando a todo o alumnado con equidade sen prexuízos e sen exclusións respectando a diferencia.

**A LIBERDADE** :un valor que permite ao ser humano decidir, levar a cabo ou non unha determinada acción.

**A IGUALDADE**: é un valor que representa a defensa e respecto dos mesmos dereitos e oportunidades para todas as persoas.

**A DIGNIDADE**: é un valor interno da persoa derivado dunha serie de trazos de identificación que a fan única e irrepetible.

**O RESPECTO**: é un valor que faculta ao ser humano para o recoñecemento, aprecio e valoración das calidades dos demais.

**A AUTOESTIMA**: son os sentimentos que unha persoa ten acerca de si mesmo na súa relación cos demais.

**A EMPATÍA**: é un valor que consiste en recoñecer as emocións alleas, as dos compañeiros e compañeiras , as do alumnado e ser capaz de poñerse na pel da outra persoa.

**A AUTONOMÍA**: representa un conxunto de capacidades prácticas que permiten que o alumnado se prepare para a vida, e atope recursos para afrontar as situación de cada día.

**A PARTICIPACIÓN**: é un valor que nos permite exercer os nos dereitos, expresar as nosas opinión e defender os nosos ideais.

**A PAZ:** é un estado interior, exento de violencia e de sentimentos negativos.

**O ESPÍRITU CRÍTICO E CREATIVO**: Consiste na madureza para saber valoras os contidos de aprendizaxe e defender con criterio as propias propostas.

**O CONTROL EMOCIONAL**: é un valor que consiste en coñecer as propias emocións e saber controlalas.



- **DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES SOCIAIS.**

As habilidades sociais son indispensables para unha boa relación cós demais,polo tanto,son imprescindibles para unha boa convivencia.

As habilidades sociais son conductas estables,verbais e non verbais,que nos fan ser eficaces e xustos cós demais,con todos aqueles cós que nos relacionamos,sexan superiores a nós en idade e autoridade,sexan iguais,ou sexan inferiores.

As habilidades sociais non só consisten nun entrenamento para ensinar o ton de voz axeitado a cada situación,o movemento correcto das mans ou a distancia que hai que gardar.Defínense como ***asertividade*** que é facer ou dicir sempre o que é máis eficaz e máis xusto,evitando os extremos, posibles en calquera actitude.

Ser socialmente hábil é o mesmo que ser asertivo,que é un termino medio entre a pasividade e a agresividade. Só se consegue ser verdadeiramente asertivo,e polo tanto,socialmente hábil,como resultado dun bo desenrolo cognitivo e dun correcto crecemento moral.

Establécese unha habilidade social por mes, que se axeitará ao ciclo e ao nivel, mediante distintas propostas de actividades.

MES DE SETEMBRO- **COÑECÉMONOS E FACEMOS AMIGOS**

MES DE OUTUBRO- **SAUDÁMONOS E DESPEDÍMONOS BEN**

MES DE NOVEMBRO- **DAMOS AS GRAZAS E PEDIMOS POR FAVOR**

MES DE DECEMBRO- **COMPARTIMOS**

MES DE XANEIRO- **APRENDO A DIALOGAR**

MES DE FEBREIRO- **DESCULPARSE**

MES DE MARZO- **PRESENTAR UNHA QUEIXA**

MES DE ABRIL- **SABER DICIR NON**

MES DE MAIO- **CHEGAR A UN ACORDO**

MES DE XUÑO- **DESFRUTAMOS XUNTOS**

**ELABORACIÓN DE NORMAS DE AULA**

- TRABALLO DE TITORÍAS AO INICIO DE CURSO:

**"RESPECTO E CUMPRIMENTO DAS NORMAS"**

- relacionadas
- proporcionais
- reparadoras
- consensuadas e coñecidas por todos e todas.

6.- Dar a coñecer as normas ás familias na primeira reunión de comezo de curso.

1.- Explicación sobre que son as normas e para que serven (convivencia nas aulas, no patio, nas distintas dependencias do centro).

2.- Comezar polas normas de aula. Recoller e analizar propostas dos nenos e nenas para que sexan entendidas e asumidas por todos.

3.- Explicar que as normas do centro elaboraranse tendo en conta as propostas de todos os grupos fundamentadas no plan de convivencia e no regulamento de réxime interior.

4.- As normas formularanse seguindo os seguintes criterios:

- poucas
- claras
- avaliables
- redactadas en positivo. "Baixaremos amodo polas escaleiras".
- En 1ª persoa do plural (expresa implicación persoal).

- **ESTRATEXIAS FRONTE Á INDISCIPLINA INDIVIDUAL E GRUPAL**

**INDISCIPLINA INDIVIDUAL**

**POSIBLES CAUSAS**

1. Non integración social no grupo.
2. Non integración na marcha académica do grupo- clase.
3. Necesidade de "chamar a atención " por desaxustes afectivos.
4. Falta de empatía do alumno/a co mestre/a ou viceversa.
5. Autoestima negativa.
6. Déficit de atención con hiperactividade.
7. Conductas disociales.
8. Trastornos de personalidade.

**PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN:**

**OBXECTIVOS:**

**A.** Responsabilizar ao alumnado de tarefas comúns.
**B.** Conversar de forma continuada co alumno/a.
**C.** Controlar a existencia ou non de ditas conductas.
**D.** Reforzar a non aparición de conductas indisciplinadas.
**E.** Reforzar a aparición de conductas positivas.
**F.** Penalizar as conductas indisciplinadas.

**ACTUACIÓNS**

**1**. Actitude serea e tranquila do profesorado.
**2**.Correccións a nivel individual, sempre que sexa posible, non en público.
**3**. Castigos e penalizacións deben estar consensuados coa clase.
**4.** Distribución do alumnado problemático na aula.
**5**. Participación do alumnado nas normas de convivencia e solución de conflitos.
**6**. Mellora da autoestima: non comparar, reforzo positivo.
**7.** Adaptación do curriculum.
**8.** Unificación de criterios entre o equipo docente.
**9**.Plan de prevención: educación en valores, habilidades sociais.

## INDISCIPLINA GRUPAL

### POSIBLES CAUSAS

1. Pouca ou nula participación do alumnado na marcha da clase.
2. Metodoloxía pouco adaptada aos aprendizaxes do alumnado.
3. Concentración na aula de moitos alumnos con problemas de conducta.
4. Deixamento do papel de "líder " do profesorado.

### OBXECTIVOS

1. Aumentar a participación do alumnado no funcionamento da clase.
2. Responsabilizar ao alumnado de tarefas concretas.
3. Revisar co alumnado o funcionamento do grupo-clase.
4. Distribuír de forma adecuada aos alumnos conflitivos**.**

### ACTUACIÓNS

1. Analizar co alumnado os conflitos, aportar solucións, aplicalas e avalialas.
2. Revisión da metodoloxía e tarefas.
3. Reforzar as conductas positivas.
4. Aplicar as penalizacións acordadas.
5. Dar apoio e recursos o profesorado para que poida asumir ser líder da clase.

- **CONDUTA**

  - **<u>COMO ENSINAR AO ALUMNADO A REFLEXIONAR SOBRE A SÚA PROPIA CONDUTA?</u>**

Cando xurde unha conduta inadecuada  no alumnado , é bo adestralo para que se faga unha serie de interrogantes que lle axuden a poder cambiar o seu comportamento**.**

*Por que fixen isto ?*

*Quen me obrigou a facelo ?*

*Para que o fixen?*

*Como me atopo despois de facelo?*

*Quen estaba comigo?*

*Estaba aburrido ou aburrida, canso ou cansa?*

*Cal foi o verdadeiro motivo de .....?*

*Atópome máis  contento, contenta ou máis fastidiado, fastidiada?*

*Que ocurriu despois de ...?*

*Que cousas ou condicións fixeron  que me comportase dese xeito?*

A contestación a tales preguntas poden facilitarlle ao alumno ou alumna un mellor coñecemento das situacións ou circunstancias que actúan negativamente

**QUE FACER CANDO.....?**

**- Non remata as tarefas, está distraído, distraída…**

| |
|---|
| Adaptar a esixencia da tarefa á súa capacidade de atención , estructurando a tarefa en tempos curtos.<br>Reforzar con atención cando está sentado traballando. |

**-Levántase continuamente do asento :**

| |
|---|
| Ignorar cando acude a nós sen o traballo rematado. Ir o seu asento cando estea traballando sentado. Darlle un respiro se pensamos que traballou e necesita moverse.<br>Reforzar con puntos se traballa ben . |

**-Levántase continuamente para ensinar a tarefa non rematada**

| |
|---|
| Repasar as normas antes de empezar a clase. Si vén antes de<br>rematar a tarefa, ignorar totalmente. Cando estea sentado ou sentada podemos interesarnos polo que está facendo . |

**-Dispersase con facilidade. Non escoita cando se explica .**

| |
|---|
| Facer participar na explicación . Achegarnos a súa mesa e continuar alí a explicación cando vemos que perde o fío. Concederlle un punto por cada explicación na que estea atento e participativo . |

**-Frústrase facilmente cando non lle sae un exercicio**

| |
|---|
| Ensinarlle formas alternativas de reaccionar : pedir axuda ao mestre, mestra ou compañeiro e compañeira. |

**-Molesta aos compañeiros e compañeiras:**

| |
|---|
| Dispoñer de mesas illadas pegados a parede como lugares para "traballar con tranquilidade", reforzando positivamente co retorno ao grupo cando a conducta sexa positiva . |

**-Fai gracias para que todos se rían:**

| |
|---|
| Mandar un " tempo fóra " , orientación ou outro. Reforzar positivamente todo o que faga ben para que no teña que facer o pallaso para acadar atención . |

- **TÉCNICA DO SEMÁFORO.**

O Autocontrol emocional é moi importante para previr os conflictos entre o alumnado. Existen unha serie de técnicas para controlar as emocións dos nenos e nenas. Fundamentalmente traballanse no ámbito escolar:

A facilidade de comprensión no funcionamento do semáforo para os nenos e nenas fai que podamos empregar a técnica do semáforo como estratexia de aprendizaxe para moitas situacións, tanto na casa como no colexio.

Esta técnica está especialmente indicada para a ensinanza do Autocontrol das Emocións negativas: ira, agresividade, impulsividade, etc.

Este recurso resulta esencial nestes momentos dada a importancia de educar en actitudes de tolerancia, respecto, convivencia... A sociedade está sendo cada vez máis consciente da necesidade de erradicar fenómenos de violencia e bullying nos centros, resultando prioritario a educación dos aspectos emocionais da intelixencia.

⇒ PASOS PARA A ENSINANZA DA TÉCNICA DO SEMÁFORO:



Asociar as cores do semáforo coas emocións e a conducta.

⇒ VERMELLO: PARARSE: Cando non podemos controlar unha emoción ( sentimos unha rabia, queremos agredir a alguén, nos poñemos nerviosos...) temos que pararnos como cando un coche atopase coa luz vermella do semáforo.

⇒ AMARELO: PENSAR: Despois de deterse é o momento de pensar e darse conta do problema que se está plantexando e do que se está sentindo.

⇒ VERDE: SOLUCIONALO: Si un se da tempo para pensar poden xurdir alternativas ou solucións ao conflicto ou problema. É a hora de elixir a mellor solución.

**LUZ VERMELLA**: ALTO, TRANQUILÍZATE E PENSA ANTES DE ACTUAR.

**LUZ AMARELA**: PENSA, SOLUCIÓNS OU ALTERNATIVAS E AS SÚAS CONSECUENCIAS.

**LUZ VERDE**: ADIANTE , E PON EN PRÁCTICA A MELLOR SOLUCIÓN.

## 8.2.- ACTUACIÓNS

### ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumnado, procurando un adecuado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en trance de formación, así como servir de nexo de unión entre as familias e o centro, e entre o profesorado que desenvolve a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnado.

Potenciar o papel da titoría en tres aspectos:

A. Atribuír importancia ao seu papel de mediador.
B. O titor ou titora ter a capacidade executiva en relación con algunhas situacións que afectan á convivencia.
C. O titor, titora como "mediador de conflitos" debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia, antes de ter que aplicar una medida máis estrita ou acudir á Xefatura de Estudos ou á Dirección.

OBXECTIVOS

- Coñecer as características dos alumnos a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos e o equipo docente.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos e fillas, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á mellora da coordinación entre os titores e titoras do mesmo ciclo e de ciclos diferentes.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

**ACTUACIÓN EQUIPO DIRECTIVO**

- O equipo directivo debe asumir o compromiso de estimular e garantir as actitudes que promovan a boa convivencia.
- Favorecer a convivencia no colexio e garantir que o procedemento seguido para impoñer as correccións que correspondan se axustan á normativa vixente e documentos do centro.
- Convocar as reunións do observatorio da convivencia e presidir as mesmas.
- Fomentar o diálogo e a convivencia entre todos os membros e sectores da comunidade educativa.

**ACTUACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- Propor actividades que favorezan o clima de convivencia e pautas de desenvolvemento persoal adecuado, proporcionando recursos e apoios necesarios para realizar estas actividades.
- Colaboración cos titores/as na prevención, detección e valoración de problemas.
- Realización de intervencións no Departamento de Orientación con alumnos afectados por problemas de convivencia, ben sexan detectados polo propio departamento como a petición do titor/a ou da xefatura de estudos.
- Aplicación de cuestionarios ou probas para detectar problemas de maltrato ou acoso.
- Planificar sesións, charlas, realización de entrevistas, intentando manter coordinación coa familia do alumnado afectado de problemas de conduta ou en risco de estalo.

**ACTUACIÓNS PROFESORADO**

- Convinte reflexionar sobre o papel e funcións que deben desenvolver ante os cambios que se están a producir na sociedade.
- Constitúense como os axentes fundamentais na construcción da convivencia.
- Débese actuar en equipo, para evitar contradicións e ofrecer un marco claro de actuación ao alumnado e ás familias.
- É preciso crear unha cultura de colaboración entre todos para o afrontamento dos problemas que poidan xurdir.

**ACTUACIÓN SERVIZOS SOCIAIS**

- Realización do seguimento individualizado das situacións de absentismo escolar, en colaboración co departamento de orientación, titor/a e equipo directivo.
- Motivación aos menores absentistas, así como as súas familias, da necesidade e importancia de asistir ás clases.
- Potenciar e realizar programas de formación en mediación escolar entre os membros da comunidade educativa

**ACTUACIÓN FAMILIAS**

- Implicación no coñecemento dos regulamentos normativos e na resolución satisfactorias de situacións conflitivas.
- Coñecemento do incumprimento das normas de convivencia.
- Colaboración co profesorado e co centro en temas de convivencia.
- Paliar o nivel de permisividade en relación coas actitudes e os comportamentos dos seus fillos/as que debilita a capacidade destes á hora de asumir a orde escolar.

## 9.- A MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

### 9.1.- A MEDIACIÓN

A mediación non é unha simple técnica que se ocupa de facilitar a desaparición dos conflitos nos centros, é unha vía voluntaria e confidencial para explorar os conflitos, na que os protagonistas toman as súas propias decisións mediante consenso e sen estar coaccionados por ningunha clase de poder.

A mediación non rouba tempo, dáo
A mediación non resta autoridade: fai innecesario o uso do poder.
A mediación non substitúe ás medidas correctoras, actúa de maneira preventiva.
A mediación non desculpa as condutas contrarias á convivencia, fomenta a reparación responsable.

**A mediación pode practicarse de xeito non formal ou creando un servicio de mediación.**

**Para que exista mediación**

1. **As dúas partes deben querer resolver o conflito.**
2. **Deben estar de acordo en acudir a persoa mediadora.**
3. **Deben respectarse mutuamente.**
4. **Deben respectar os acordos alcanzados.**

**Os obxectivos fundamentais do mediador ou mediadora deben ser os seguintes:**

- Favorecer e estimular a comunicación das partes en conflito.
- Promover que ámbalas dúas partes comprendan o conflito de xeito global e non soamente dende a súa perspectiva ( empatía)
- Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito.
- Restablecer sempre que sexa posible as feridas emocionais que poidan existir entre as partes en conflito.

A mestura de razas e nacionalidades a priori, factor de enriquecemento persoal e punto de encontro, pode resultar ás veces elemento de distorsión e conflito. Contamos cun crecente número de alumnado inmigrante e de minorías étnicas que accede ao noso centro.

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo pon á disposición dos centros a figura de Mediador Intercultural, que asesora, detecta e programa actividades relacionadas coa adaptación do mencionado alumnado e das súas familias**.**

A acción mediadora responde a un ritual estructurado que se desenvolve a través dos momentos seguintes:

**Preludio:**
As partes implicadas deben coñecer en que consiste a mediación.
O contacto inicial permite tamén ao mediador calibrar o alcance do conflicto e valorar se resulta conveniente canalizalo por esa vía.

**Benvida:**
O mediador da a benvida e preséntanse mutuamente e explica en que consiste o proceso. Informa que para o encontro funcione hai que aceptar unhas normas: cando se faga referencia a alguén se utilice o seu nome en non "este" ou "ela" , falar por quendas e escoitar sen interromper, expresarse sen faltar ao respecto e cooperar na busca de solucións.
Esta primeira intervención é a que permite aos protagonistas serenarse antes de avanzar no proceso.

**Escoitar e falar:**
Antes de aclarar os feitos, o mediador intenta coñecer o significado que teñen para cada participante, como os interpreta, como lle afectan.
Non ten que mostrar aceptación nin incredulidade, tan so ofrecer a oportunidade de que as dúas partes se expresen.
O mediador parafrasea, realiza preguntas abertas, reformula e sintetiza.

**Integrar:**
Tratase de reformular o conflito de xeito inclusivo, tendo en conta os puntos de vista e sentimentos dos protagonistas.
O mediador está atento as manifestacións de recoñecemento e valoración dunha persoa a outra, que son elementos clave para a reconstrucción dos vínculos de relación.

**Construír:**
Os protagonistas do conflito inventan, sen analizar nin comprometerse, opcións e alternativas orixinais, cantas máis mellor.
O mediador toma nota e escolle as ideas máis idóneas. O rol do mediador consiste en velar para que os posibles acordos sexan factibles, equitativos e supoñan un progreso respecto a situación inicial.

**Pactos e conclusións:**
So queda reseñar os compromisos que cada persoa adquire voluntariamente e planificar a súa execución.
Normalmente formalizase o acto de mediación mediante un apertón de mans, un abrazo ou algún pequeno ritual

### 9.2.-*RECUNCHO DO DIÁLOGO*

Habilitaranse zonas no centro para fomentar o emprego do diálogo na resolución de conflitos







***RESOLVEMOS OS CONFLITOS A TRAVÉS DO DIÁLOGO***



**1. TRANQUILIZÁMONOS.**

**2. FALAMOS E ESCOITAMOS**

**3. PENSAMOS IDEAS**

**4. ELIXIMOS UNHA IDEA**

**5. POÑÉMOLA EN PRÁCTICA**

## 9.3.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN: ACTUACIÓNS ANTE SITUACIÓNS DE CONFLITOS ENTRE O ALUMNADO

1.- Pode solicitar a mediación o alumnado do centro, ou o profesorado resolver os conflitos mediante a mediación.

2.- Serán obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia entre o alumnado no centro.

3.- A primeira persoa en intervir deberá ser aquel mestre ou mestra que presencie a situación ou aquel a quen lle pida axuda ou lle dé coñecemento dunha situación concreta.

Esta persoa poderá actuar como mediador ou mediadora, de darse o caso, ou poñer en coñecemento do titor ou titora que o alumnado afectado vai a mediación.

Comunicarase en Xefatura de Estudos.

4.- Poderá ser mediador o profesorado do centro que voluntariamente se preste ou o alumnado de 3º Ciclo, de ser o caso.

A persoa encargada da mediación resolverá o antes posible

5.- Se intentará que este mestre ou mestra non teña relación directa cos alumnos ou alumnas. *Guión ( Anexo)*

6.- Este mestre ou mestra debe posteriormente comunicar ao titor ou titora correspondente o acordo alcanzado entre as partes para o seguimento do cumprimento.

7.- Unha vez feita a mediación o mediador ou mediadora fará un informe da mesma, na que aparecerá entre outros, os acordos aos que chegaron as partes.

D/Dª MEDIADOR/A DOS ALUMNOS OU ALUMNAS

CHEGAN AO SEGUINTE ACORDO:

E ASINAN

8.-Nos casos de condutas graves contrarias á convivencia, que non sexan obxecto de mediación seguirase o contemplado no regulamento de réxime interior do centro.

## 10.- PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

### Acoso escolar

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Mentres que o acoso, aínda que tamén pode ser individual, adoita ser un fenómeno grupal, no que hai que intervir no grupo e nas súas relacións de poder, xa que unha parte –que é a vítima- non está en posición de defenderse porque non ten o poder; polo que, neste senso, a intervención educativa só sería eficaz na fase de xestación do maltrato, non despois.

Por outra banda, o acoso non é un fenómeno só escolar, englobando ao barrio, a pandilla ou os lugares de lecer.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes, …) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- Evidente intención de facer dano.
- Condutas agresivas reiteradas.
- Desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Os efectos nocivos do acoso sobre quen o sofre poden concretarse en anguria, ansiedade, temor, terror ás veces ao propio centro educativo, absentismo escolar polo medo que se xera ao reencontrarse cos acosadores, fracaso escolar e ata a aparición de procesos depresivos.

Os expertos en psicoloxía social coinciden en que o primeiro nivel de loita contra o acoso escolar debe estar liderado polos profesores do centro educativo, estes deben ser os primeiros destinatarios da posta en coñecemento do problema.

Porén a abordaxe debe ser conxunta, e preferentemente desde os niveis básicos de intervención: pais, profesores e comunidade escolar. E cun tratamento fundamentalmente preventivo.

En moitos casos a reacción dentro do colexio será suficiente para tratar o problema: medidas correctoras internas, reflexión co propio alumno/a ou grupo, reunións coa familia, cambio da organización da aula ou cambio de grupo, intervención de mediadores, …

Tamén cabe adoptar medidas preventivas coma o incremento da vixilancia, especialmente nos recreos.

A comunidade escolar é, en principio, agás os casos de certa gravidade, a máis capacitada para resolver o conflito.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Aínda que non se pode presentar un catálogo pechado de condutas de acoso, pódense incluír, amais das agresións, ameazas, coaccións, insultos e vexacións, outras tales como a realización de "novatadas", espir a un compañeiro e obrigarlle a realizar flexións, obrigalo a introducirse nun charco e saltar enriba del, introducilo nun contenedor de lixo e envorcalo este de seguido, o acoso telefónico, ou por escrito, ou ben enviando mensaxes a través do correo, sms, redes sociais…

Non é doado valorar os casos que se presenten como leves ou graves, xa que se trata dunha conduta continuada no tempo, que se compón dunha sucesión de accións.

Aínda así, poderían considerarse como **casos leves**: non deixarlle xogar no recreo, esconderlle a mochila, quitarlle o caderno ou o bocadillo, excluírlle do grupo de iguais, etc.

Serían **casos graves**: facerlle inxerir unha tiza ou outro produto, facerlle levar un cubo de plástico na cabeza e introducirlle no interior dun contenedor de lixo, guindalo ao chan e despois botalo a unha fochanca saltando enriba del, etc.

É frecuente que as vítimas de acoso estean demasiado asustadas para dar o paso de comunicar a súa situación, e nin informan da súa situación aos pais ou profesores.

A perda de autoestima e o temor a que a situación empeore lévaos en moitos casos a soportar estoicamente a situación, convencidos de que non hai solución, cando non chegan a culpabilizarse eles mesmos. Iso lévaos a sufrir en silencio, invisible para os adultos.

Ademais debe terse en conta que moitas agresións físicas ou non existen ou pola súa levidade non deixan pegada.

Débese, pois, superar o que se denomina a conspiración do silencio, sendo esencial transmitir ao menor acosado que el non é o culpable da situación e que non ten porqué afrontala en solitario, xa que logo, a vítima que sofre o baleiro dos seus compañeiros non é capaz de relativizar o seu problema como o faría un adulto. Cando non o queren pensa que é porque algo está a facer mal. Séntese culpable polo maltrato que está a sufrir no colexio, mesmo chega a crer que os agresores teñen máis poder cos seus pais ou co resto dos adultos.

É preciso ter en consideración de que, ás veces, non se aportan elementos suficientes para aclarar se nos atopamos ante un verdadeiro suposto de acoso escolar, ben por tratarse de feitos illados, ben por transmitirse a información de forma fragmentaria, escura ou confusa, sen referencias a datas e feitos concretos.

Débese escoitar sempre á vítima con especial coidado pois se o interrogatorio se realiza de maneira insistente existe o risco certo de bloqueo, sobre todo se o menor é reacio a comunicar o que lle está a pasar.

O perfil do acosador identifícase, en primeiro lugar coa violencia. O seu razoamento moral é máis primitivo co resto e adoita confundir xustiza coa vinganza. Teñen menos empatía e unha nula capacidade de autocrítica. Tamén adoitan ser máis racistas, xenófobos e sexistas; ven as relacións sociais como se só houbese dous papeis: ou dominas e sometes aos demais pola forza, ou es a vítima.

Pódese falar de tres modelos familiares no neno/acosador/a:

a. Os adultos utilizan unha forma autoritaria e cruel para sometelo, que logo o neno reproduce como dominador nos demais compañeiros.
b. É o neno quen empeza a someter aos adultos, converténdose nun pequeno tirano.
c. Mestúranse os dous modelos anteriores, isto é, os adultos que permiten en exceso cando terían que dicir que non, e que logo, desesperados, acoden a procedementos autoritarios como pegar ao fillo.

As tres condicións aumentan o risco de violencia no menor, polo que hai que ensinarlle a respectar límites con coherencia e dun xeito que poida comprender, ten que aprender a autocontrolar a súa conduta desde unha idade temperá, a dicir *non*, a interiorizar ditos comportamentos e a ser capaz de dicirllo a se mesmo.

Moitos destes acosadores presentan unha evidente dificultade para establecer vínculos positivos entre os seus iguais. Móvense entre dous extremos: para eles é mellor ser temido que marxinado.

Son moitos os casos nos que os pais non impoñen límites aos fillos: ou se lles deixa facer o que queiran ou se lle aplican procedementos autoritarios e agresivos. En menos dunha xeración a familia mudou pero tamén o fixo a infancia. Neste punto danse os dous extremos: ou ben o neno é unha especie de tesouro a quen se lle perdoa todo sen esixirlle nada a cambio, ou ben é un pequeno monstruo que acumula os defectos dos adultos sen o filtro da racionalidade e a contención.

Por outra banda, os rapaces a menudo non queren comunicarlles aos adultos problemas cuxa resolución entenden son da súa exclusiva incumbencia. E tenden con moita maior frecuencia a comunicarllo aos seus amigos ou compañeiros antes que aos seus profesores, pais ou adultos en xeral.

En todo caso, segundo os estudos sobre o acoso escolar, é frecuente que o mesmo sexa coñecido por un gran número de iguais que se limitan ao papel de espectadores pasivos, non comunicando dato ningún. Prodúcense situacións de contaxio social, e de cooperación co maltrato, e noutros casos é o propio medo a ser incluído dentro do círculo de destinatarios do acoso o que impide ás testemuñas superar ese rol de espectadores pasivos cando non de encubridores. Ademais, a estendida valoración negativa da transmisión de información desde os alumnos ao profesor (facer

de chivato) tamén funciona como inhibidor desta colaboración no esclarecemento da verdade.

En calquera caso, hai que estar atentos ante indicios de acoso: que o menor sufra modificacións de carácter, brusco descenso no seu rendemento escolar, abandono de afeccións, depresión ou negativa a asistir ao colexio polo que, nalgúns casos poderá resultar especialmente aconsellable facer un exame psicolóxico de mesmo.

Os centros escolares temos a responsabilidade de garantir espazos seguros para que os alumnos e alumnas poidan gozar das horas de recreo en paz, libres de agresións e vexacións. Os estudos sobre acoso escolar amosan que frecuentemente estes teñen lugar –ademais de nas inmediacións do centro-, en patios de recreo, aseos , ximnasios, comedores, corredores e ata nas aulas. A adecuada supervisión das instalacións do centro é algo esixible.

Faise necesario, por unha banda, impartir técnicas antiacoso para ensinarlles ás vítimas a facer fronte aos agresores, e por outro establecer un protocolo de actuación axiña que se detecte un caso de acoso: se é leve a propia comunidade educativa debe reconducilo a través dunha mediación ou a imposición de medidas disciplinarias. Se o caso é grave cómpre comunicalo á Fiscalía de Menores.

## PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa.

❖ **Detección e control da situación.**

- Ante unha situación de risco de agresión, a vítima solicitará axuda á persoa que poidera estar mais cerca ou coa que garde unha relación de confianza.
- Unha vez detectado o conflito, a primeira actuación será frenar o motivo que o está causando.
- Calquer adulto que presencie os feitos é responsable desta medida e deberá intervir.
- Intentarase nesta primeira fase resolver o conflito mediante o acordo das partes interesadas, cuxa finalidade é o cese do comportamento indesexado. ( mediación)
- No suposto de non chegar á acordo ou que o comportamento agresor persista.

**PASO 1:**

- Comunicación e información ao equipo directivo.

**PASO 2:**

Medidas a adoptar

- A dirección do centro adoptará medidas provisorias orientadas ao apoio directo da vítima
  a) Medidas para protexer á vítima ou evitar agresións garantindo a súa seguridade ( incremento de vixilancias, vixilancia específica do alumno ou alumna, agresor ou agresora, reorganización de horarios de profesorado para atención específica do alumnado afectado, intervención de mediadores, colaboración de compañeiros sobre todo nas entradas e saídas…, cambio de grupo temporal ou definitivo)
  b) Designación dunha persoa responsable de atención á vítima entre o profesorado que garde unha relación de confianza coa vítima.
  c) Medidas provisorias dirixidas ao alumnado agresor causante do conflito, en función da gravidade aplicarase o RRI, dentro do marco do RD 732/1995 e a Lei 4/2011 do 30 de xuño sobre convivencia.
  d) A dirección do centro informará á Inspección Educativa sobre os feitos e as medidas provisorias adoptadas.

**PASO 3:**
O equipo directivo comunicará os feitos e as medidas adoptadas ao titor ou titora e aos pais/nais ou representantes legais.
**Continuación do protocolo**. **Inicio de expediente**.

- O expediente disciplinario tramitarase dacordo co previsto nos artigos 127 f, 129i e 132f da LOE e dos artigos 54,55,56 do RD732/1995 e do artigo 25 da Lei 4/2011 do 30 de xuño
- A dirección cando a gravidade dos feitos, ou a conduta do alumno ou alumna derivase na instrucción dun expediente notificará á familia con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome do profesor ou profesora instrutora. Comunicará á Inspección educativa o inicio do expediente e mais adiante a tramitación do mesmo e a súa resolución.
- No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos Servizos sociais do concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e , se é o caso, á Fiscalía de Menores.

**Fin do protocolo**: As actuacións que deben levarse a cabo irán dirixidas á resolución da situación concreta e puntual, actuacións que deben estar insertas na formación integral do alumno ou alumna.
Os titores e titoras ocuparanse do alumnado implicado no conflito co fin de organizar en colaboración co departamento de orientación as medidas dirixidas á reparación dos danos á vítima, facer un seguimento das medidas correctoras que se impuxeron ao alumnado agresor, comunicar aos pais e nais ou titores legais a conduta do alumno ou alumna, as medidas adoptadas e solicitar a súa colaboración.
A dirección do centro transmitirá ao Observatorio da convivencia esta incidencia na seguinte reunión ordinaria.

**PASO 4**:

- **Medidas de seguimento e apoio**.

Estas medidas desenvolveranse para o alumnado que sufriu os danos, para o alumnado causante, para o alumnado do grupo-clase e para as familias.
<u>Medidas</u>:
Colaboración o resto do profesorado co titor ou titora.
Seguimento e traballo coa familia, apoio do departamento de orientación.
Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
Realización de actividades co alumnado que fomenten a reflexión e as responsabilidades.

## 11.- Plan Xeral Anual e Plan de convivencia

### 1.-Elaboración das actuacións prioritarias do Plan de convivencia para o curso.

| | |
|---|---|
| Responsables | Todo o profesorado |
| Recursos | Plan de convivencia |
| Metodoloxía | Ciclos e claustro |
| Temporalización | Setembro |
| Avaliación | Memoria final |

### 2.- Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia para evitar contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesorado presente.

| | |
|---|---|
| Responsables | Todo o profesorado |
| Recursos | Normas de convivencia e resolución de conflitos. |
| Metodoloxía | Ciclos e claustro |
| Temporalización | Todo o curso |
| Avaliación | Memoria final |

### 3.-Establecemento dun clima de aula adecuado a partir do consenso das normas entre o profesorado e o alumnado para facilitar o seu coñecemento e que sexan asumidas por todos.

| | |
|---|---|
| Responsables | Todo o profesorado |
| Recursos | Os da propia aula |
| Metodoloxía | Normas visibles nas clases e tempos de titoría. |
| Temporalización | Primeiros días do curso |
| Avaliación | Memoria final de cada ciclo. |

### 4.-Eleccións de delegados e delegadas

| | |
|---|---|
| Responsables | Titores e titoras |
| Recursos | Eleccións dos mesmos |
| Metodoloxía | Nas titorías |
| Temporalización | Outubro |
| Avaliación | Resultados das votacións |

**5.-Presentación do Plan de Convivencia ás familias.**

| | |
|---|---|
| Responsables | Equipo directivo, orientación e titores e titoras. |
| Recursos | Plan de convivencia<br>Páxina web<br>RRI |
| Metodoloxía | Reunións informativas.<br>Titorías |
| Temporalización | 1º trimestre |
| Avaliación | Memoria final |

**6.- Dar a coñecer as normas de utilización dos espazos de xogo no recreo.**

| | |
|---|---|
| Responsables | Profesorado de E.Física<br>Resto do profesorado |
| Recursos | Ciclos<br>Material de E.F |
| Metodoloxía | Información en claustro da organización de espazos. |
| Temporalización | 1º trimestre |
| Avaliación | Memoria final |

**7.-Facilitar formación do profesorado en mediación**

| | |
|---|---|
| Responsables | Todo o profesorado |
| Recursos | Plan de formación |
| Metodoloxía | Por cursos |
| Temporalización | 1º trimestre |
| Avaliación | Memoria final |

**8.- Desenvolvemento de habilidades sociais co alumnado**

| | |
|---|---|
| Responsables | Todo o centro |
| Recursos | Equipo dinamización convivencia e ciclos |
| Metodoloxía | Ciclos |
| Temporalización | Por mes |
| Avaliación | Memoria final de ciclo |

**9.- Participar no Plan Director de Mellora da convivencia.**

| | |
|---|---|
| Responsables | Equipo directivo e titores. |
| Recursos | Garda Civil |
| Metodoloxía | Charlas ao alumnado de 6º e as familias. |
| Temporalización | Nun trimestre |
| Avaliación | Enquisa valorativa |

**10.- Formación ás familias sobre convivencia: resolución de conflitos, malos tratos entre iguais…**

| | |
|---|---|
| Responsables | Equipo directivo e D. Orientación |
| Recursos | D.Orientación/ outras institucións |
| Metodoloxía | Xornadas de país e nais |
| Temporalización | Todo o curso |
| Avaliación | Memoria final |

**11.- Colaborar coa ANPA do centro**

| | |
|---|---|
| Responsables | Equipo directivo e ANPA |
| Recursos | Instalacións |
| Metodoloxía | Reunións organizadas |
| Temporalización | Todo o curso |
| Avaliación | Memoria final |

**12.- Colaborar co Concello de Arteixo**

| | |
|---|---|
| Responsables | Equipo directivo e Concello de Arteixo |
| Recursos | Instalacións |
| Metodoloxía | Proposta de iniciativas e reunións |
| Temporalización | Todo o curso |
| Avaliación | Memoria final |

## 12.- DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

### Difusión

Unha copia do Plan de Convivencia ,que se aprobe en sesión de Consello Escolar, farase chegar á ANPA e aos representantes de nais e pais, de maneira que o coñecemento do plan de convivencia e as actuacións da Comisión de dinamización de convivencia sexan coñecidos por todos e todas os integrantes da comunidade educativa do centro.

Entregaráselle o documento ao profesorado que deberá custodialo e poñelo a disposición das nais e pais ou titores que así o soliciten. Informarase a principios de curso as nais e pais nas titorías.

Desde o Equipo Directivo se buscará a difusión deste Plan de Convivencia a través do Claustro, Consello Escolar, reunións coa ANPA e páxina web do CEIP Galán.

O obxectivo é que todos os membros da Comunidade Educativa coñezan, acepten e sexan partícipes da mellora da Convivencia no Centro.

### Seguimento e avaliación

O seguimento deste Plan levarase a cabo en primeira instancia pola Comisión de dinamización de Convivencia, quen redactará un informe-memoria para o Observatorio de Convivencia do centro incluíndo, si procede, as actuacións realizadas así como a valoración das mesmas e do clima de Convivencia no Centro en xeral.

Trimestralmente o Observatorio da convivencia elaborará un informe que debe recoller as actuacións levadas a cabo, as incidencias producidas e os resultados acadados.

